

DECRETO NÚMERO 18002386 DO 20/03/2018

Ilmo. Sr. Xosé Daniel Piñeiro Villares, Tenente de Alcalde Delegada da Área de desenvolvemento sostible e persoal.

Instruído expediente relativo a: **CONTRATACION DUN SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DOS RESULTADOS DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA” COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCEIRO LIFE 2010-2020 (ACCÍONS A2, E1, E2, E3, E4e E5). (EXP. REF. 4-2018). AMPLIACIÓN DO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE OFERTAS.**

Examinado o expediente e visto:

1. Informe proposta do servizo de contratación do 20 de marzo de 2018 que na parte expositiva se fai constar o seguinte:

ANTECEDENTES

1º.- Acordo num. 13/192 da Xunta de Goberno Local de data 12 de abril de 2017 de delegación de competencias no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno e Desenvolvemento sostible e Persoal para a adopción de tódolos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación relativos ao PROXECTO LIFE14 CCA/ES/00489 LUGO+BIODINÁMICO.

2º.- Decreto num. 18001862 de data 6 de marzo de 2018 do Tenente de Alcalde Delegado da Área de Goberno e Desenvolvemento sostible e Persoal polo que se aproba, entre outros, a CONTRATACION DUN SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DOS RESULTADOS DO PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA”, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas.

3º.- Anuncio de licitación publicado no BOP de Lugo número 55 de data 8 de marzo de 2018 e no perfil do contratante do Concello de Lugo, polo que o prazo de presentación de ofertas de 15 días naturais remata o vindeiro 23 de marzo de 2018.

4º.- Informe da arquitecta municipal responsable do contrato de data 19 de marzo de 2018 que dí:

INFORME EN RELACIÓN A LA LICITACION DE LA CONTRATACIÓN DE UN SERVICIO CONSISTENTE EN LA EJECUCIÓN DE TRABAJOS DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN Y

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1521542134319.doc

Asunto: DECRETO AMPLIACIÓN PRAZO OFERTAS COMUNICACION E DIFUSION LIFE

PUBLICIDAD DE LOS RESULTADOS DEL PROYECTO LIFE 14 CCA/ERES/000489 LUGO+BIODINAMICO. PLANIFICACIÓN DE UN BARRIO MULTI-ECOLÓGICO COMO MODELO DE RESIDENCIA URBANA" COFINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE EL INSTRUMENTO FINANCIERO LIFE 2010-2020 (ACCIONES A2, E1, E2, E3, E4 E E5)

Habiendo recibido llamadas de empresas de comunicación en relación a la referida licitación, manifiestan que el poco tiempo de licitación les imposibilita la presentación de una oferta de calidad.

En aras de facilitar que se presenten el mayor número de empresas del sector y que las ofertas tengan la mayor solvencia técnica posible, se solicita la ampliación del plazo por el mismo periodo de tiempo, ya que esta ampliación no imposibilita el desarrollo del proyecto en que se enmarca LUGO+BIODINAMICO y si garantizará una mayor consecución de sus objetivos de difusión.

Es todo cuanto cabe informar salvo mejor criterio basado en derecho."

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 39/2015 de 2 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- O artigo 143 do TRLCSP establece que os órganos de contratación fixarán os prazos de recepción das ofertas e solicitudes de participación tendo en conta o tempo que razoablemente poda ser necesario para preparar aquelas, atendida a complexidade do contrato e respectando en todo caso os prazos mínimos fixados pola Lei.

O prazo concedido para a presentación de ofertas no procedemento de contratación de referencia – ao tratase dun contrato de servizos non suxeito a

regulación harmonizada - foi de 15 días naturais, sendo este o prazo mínimo establecido pola Lei. Non obstante, á vista do informado pola arquitecta municipal responsable do contrato, parece que o prazo concedido puidera ser insuficiente para preparar adecuadamente as ofertas neste procedemento.

O TRLCSP establece na súa Disposición Final Terceira a aplicación supletoria da Lei 30/1992 de 26 de novembro aos procedementos de contratación regulados polo TRLCSP. Esta referencia enténdese actualmente á Lei 39/2015 de 2 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a cal establece no seu artigo 32:

“1. A Administración, agás precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados, unha ampliación dos prazos establecidos, que non exceda da metade dos mesmos, se as circunstancias o aconsellan e con elo non se perxudican dereitos de terceiro. O acordo de ampliación deberá ser notificado aos interesados

(...)

3. Tanto a petición dos interesados como a decisión sobre a ampliación deberán producirse, en todo caso, antes do vencemento do prazo de que se trate. En ningún caso poderá ser obxecto de ampliación un prazo xa vencido. Os acordos sobre ampliación dos prazos ou a súa denegación non será susceptibles de recurso, sen prexuízo do procedente contra a resolución que poña fin ao procedemento ”.

Tendo en conta o exposto anteriormente e dado que o prazo de presentación de ofertas aínda non rematou (finaliza o día 23 de marzo) e non se perxudican dereitos de terceiros interesados, os cales terán en todo caso un prazo superior ao inicial para a presentación de ofertas, é conveniente conceder unha ampliación do prazo de 7 días naturais (a metade do prazo inicial) rematando o día 30 de marzo (Venres Santo) polo que prorrogarase ao primeiro día hábil, isto é, o 2 de abril de 2018.

Segunda. En canto ó órgano municipal competente para aprobar a ampliación proposta, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, é a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación se ben por acordo da Xunta de Goberno Local num. 13/192 de 12 de abril de 2017 delegouse esta competencia no Tenente de Alcalde Delegado da Area de Goberno de desenvolvemento sostible e persoal.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións delegadas RESOLVO:

PRIMEIRO.- Ampliar o prazo para presentar ofertas no procedemento de contratación dun SERVIZO CONSISTENTE NA EXECUCIÓN DE TRABALLOS DE COMUNICACIÓN, DIFUSIÓN E PUBLICIDADE DOS RESULTADOS DO

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

XMCR/atm

Refª: 1521542134319.doc

Asunto: DECRETO AMPLIACIÓN PRAZO OFERTAS COMUNICACION E DIFUSION LIFE

PROXECTO LIFE14 CCA/ES/000489 LUGO+BIODINÁMICO. PLANIFICACIÓN DUN BARRIO MULTI-ECOLÓXICO COMO MODELO DE RESILIENCIA URBANA” COFINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA MEDIANTE O INSTRUMENTO FINANCEIRO LIFE 2010-2020 (ACCIÓNS A2, E1, E2, E3, E4e E5) **ata o luns día 2 de abril de 2018.**

SEGUNDO.- Proceder á publicación desta resolución no perfil do contratante. Contra esta resolución non cabe recurso algún conforme ao establecido no artigo 32.3 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

Cúmprase